

VI. ANUNCIOS

Número do Dog: **68**

Páxina do Dog: **7.090**

Data da Disposición: **2 de abril de 2009**

Sección: **VI. ANUNCIOS. DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

Organismo: **EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS**

Rango: **Resolución**

Título: **Resolución do 2 de abril de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo trámite ordinario e procedemento aberto con varios criterios de valoración, para a adxudicación do contrato non suxeito a regulación harmonizada de elaboración do proxecto e de execución da obra dos colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Ardaña, cofinanciada con fondos da Unión Europea, de clave OH.315.794.**

Resolución do 2 de abril de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo trámite ordinario e procedemento aberto con varios criterios de valoración, para a adxudicación do contrato non suxeito a regulación harmonizada de elaboración do proxecto e de execución da obra dos colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Ardaña, cofinanciada con fondos da Unión Europea, de clave OH.315.794.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

b) Dependencia que tramita o expediente: Contratación.

2. Obxecto do contrato.

-Descrición do obxecto: proxecto e obra dos colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Ardaña. Carballo e Coristanco (A Coruña).

Número de expediente: OH.315.794.

Orzamento base de licitación: dous millóns trescentos noventa e un mil cincocentos trinta e catro euros con dezasete céntimos (2.391.534,17 €), 16% IVE excluído. Cofinanciado nun 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Prazo de execución (meses): vinte e cinco (25).

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría e e grupo K, subgrupo 8, categoría e.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración.

4. Obtención de documentación e información.

a) Lugares de obtención do prego de cláusulas administrativas particulares (que inclúe o cadro de características do contrato) e da documentación técnica:

-Perfil do contratante na web:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?OR=24>

-A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos na rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña), teléfonos: 981

95 74 01/27 e fax: 981 95 74 03.

-A copistaría Copy Estudio na rúa Nova de Abaixo nº 19-20 (galerías), Santiago de Compostela (A Coruña), teléfono e fax: 981 59 33 85.

b) Data límite de obtención de documentos e información: 8 de maio de 2009.

5. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: a exixida para o contrato no punto 2 anterior.

6. Presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación: 8 de maio de 2009.

b) Documentación que hai que presentar: a establecida no prego de cláusulas administrativas particulares. As proposicións axustaranse estritamente aos modelos que se inclúen no citado prego.

c) Lugar de presentación: no rexistro da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos nos días e horas hábiles de oficina (de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas). Tamén por correo, segundo o disposto no artigo 80.4º do regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas; neste caso o licitador deberá anunciarlle ao órgano de contratación, no mesmo día da imposición na oficina de correos, mediante telegrama ou fax, a remisión da documentación para concorrer á licitación, así como xustificar a data de imposición do envío.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous (2) meses, desde a apertura en acto público, segundo se indica no punto seguinte, das ofertas contidas no sobre C.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

7. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

b) Enderezo: rúa Doutor Maceira nº 18.

c) Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Data: 8 de xuño de 2009.

e) Hora: 10.00 horas.

8. Outras informacións.

-Cofinanciamento da Unión Europea: o obxecto do contrato indicado no punto 2 anterior está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun setenta por cento (70%). Esta actuación contribúe a reducir as disparidades sociais e económicas dentro da Unión Europea. Investimos no seu futuro. Unha maneira de facer Europa.

-Garantía provisional: non se exige.

-Apertura do sobre A: terá lugar en acto previo a comprobación da documentación xeral segundo se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Criterios de valoración: os que se enumeran coas súas correspondentes puntuacións e ponderacións e se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares e no perfil do contratante.

-Apertura e valoración dos contidos dos sobres B e C: a apertura do sobre B e a súa valoración realizaranse con anterioridade á apertura e valoración do contido do sobre C. No caso de que o acto público de apertura das ofertas do sobre C se atrase farase pública a nova data mediante notificación por fax aos licitadores presentados e no perfil do contratante.

-Publicidade de resultados: as datas e os resultados das aperturas dos sobres A, B e C, así como das adxudicacións provisional e definitiva

faranse públicas no perfil do contratante.

-Garantía definitiva: cinco por cento (5%) do orzamento base de licitación, IVE excluído, para o contrato indicado no punto 2 anterior.

9. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2009.

José Luis Romero Valeiras
Presidente da Empresa Pública de Obras
e Servizos Hidráulicos